

As empresas galegas pisan forte na aposta no exterior

- Galicia aumentou as súas exportacións no mes de xullo un 20%
- Grazas ao esforzo das compañías pola internacionalización este crecemento triplica a media española

Redacción

As empresas galegas apostan cada vez máis pola apertura a novos mercados como unha oportunidade para o seu crecemento e a súa consolidación, e son moitas as compañías que, no actual contexto económico, están aproveitando para emprender de forma decidida o camiño da internacionalización, unha aposta que está dando os seus froitos.

Así, e grazas ao esforzo das empresas galegas por saír ao exterior, as exportacións galegas medraron nun 20% no mes de xullo con respecto ao mesmo período do ano anterior, unhas cifras que triplican a media de incremento do conxunto de España, que se situou nun 5,3%, segundo os datos do último informe mensual que elabora o Ministerio de Economía e Competitividad. Galicia posiciónase así como a quinta comunidade na que máis medraron as exportacións, sumando no mes de xullo 1.452 millóns de euros.

Ademais, Galicia é a sexta comunidade autónoma con maior saldo comercial positivo, cun superhábit de 117,5 millóns de euros, mentres que no conxunto de España as im-

portacións superaron ás exportacións en 1.692,6 millóns de euros.

Estas cifras positivas súmanse ás de 2011, ano que se pechou en Galicia con exportacións por 17.532 millóns de euros, o que supón un incremento de 3.575 millóns de euros sobre 2009, e cun total de 5.373 empresas exportadoras, 519 máis que en 2009.

Os datos reafirman a aposta polo impulso á internacionalización das empresas, fundamentalmente as pemes, que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria, que ofrece apoios directos e servizos de asesoramento especializados en todos os pasos da internacionalización das empresas. Unha estratexia da que deixan constancia os máis de 2.700 proxectos aprobados polo Igape nos últimos anos, ou os case 30 millóns de euros en axudas directas concedidas a empresas.

COOPERAR PARA SER MÁIS FORTES

Dentro dos apoios á internacionalización das empresas galegas que ofrece a Consellería que dirixe Javier Guerra promóvese, a través do Igape, a articulación de grupos de pequenas e medianas empresas para abordar así, de forma con-

INTERNACIONALIZACIÓN CON MARCA: PARA LA COMPETITIVIDAD



Javier Guerra (no centro) participou esta mesma semana nunha xornada sobre marcas e internacionalización

ta, a execución dunha estratexia de negocio axeitada que facilite a súa internacionalización.

Para facilitar a cooperación no ámbito internacional, o Igape habilitou un servizo destinado ás empresas interesadas en colaborar na procura dos socios máis axeitados para impulsar iniciativas ou proxectos conxuntos, tanto para a iniciación como para a consolidación cara aos mercados exteriores do seu interese. Deste xeito, pola vía da cooperación, as pequenas empresas galegas poden salvar as dificultades asociadas á súa dimensión para acceder a outros mercados.

Coa conformación dos grupos de exportación o Igape procura facili-

tar a identificación de oportunidades de negocio, a sensibilización, o diagnóstico e a avaliación das posibilidades de apoio económico e asistencia técnica para a conformación de consorcios ou agrupacións de empresas galegas de cara á exportación ou implantación en destino conxunta, unindo esforzos, compartindo custos e, se é o caso, estratexia e marca.

As empresas interesadas en cooperar con outras para avaliar as súas oportunidades de internacionalización, ou para implantarse en mercados exteriores de forma agrupada, poden facer a súa solicitude a través da web do Igape, que as porá en contacto con outras empresas

con intereses confluentes.

Ao mesmo tempo, as compañías interesadas en avaliar o seu potencial de internacionalización tamén poden formalizar a súa solicitude a través da web do Igape (www.igape.es), que prevé realizar uns 1.400 diagnósticos a outras tantas pemes nun período de dous anos.

A IMPORTANCIA DAS MARCAS

Esta mesma semana celebrouse en Santiago un encontro de traballo do Club de Marcas Renombradas de Alto Potencial Internacional (MAPI), impulsado en Galicia ao abeiro dun acordo de colaboración entre o Igape e a Asociación de Marcas Renombradas Españolas (AMRE).

O Club Mapi conta xa cunha ducia de empresas galegas que apostan por reforzar as súas marcas nos mercados exteriores co apoio dos expertos e das marcas líderes que colaboran, xunto co Goberno do Estado, no Foro de Marcas Renombradas Españolas. Na xornada, que tivo por lema A internacionalización con marca: Claves para a competitividade, salientouse a importancia de que as empresas galegas contem con marcas fortes para competir no mercado internacional.

i Galicia posiciónase como a quinta comunidade autónoma na que máis medraron as exportacións

i A galega é a sexta rexión con maior saldo comercial positivo, cun superhábit de 117,5 millóns

GUERRAL

UNHA EMPRESA FAMILIAR E GLOBAL

A empresa lalinense Confecciones Guerral, que se ten apoiado nas liñas de axuda habilitadas polo Igape para facilitar a internacionalización, é unha mostra de como é tamén unha oportunidade para as pequenas e medianas empresas. Ademais de vender no mercado nacional, a compañía lalinense, unha empresa familiar cun cadro de persoal de máis de 60 empregados, exporta a mercados exteriores como Francia, Portugal, Reino Unido, México, Panamá ou Rusia, mediante unha estratexia que combina os distribuidores, as tendas propias e as franquías.

Na procura dos seus obxectivos estratéxicos, a firma participou tamén na experiencia piloto do Plan ReAcciona e vén de aproveitar a primeira convocatoria realizada polo Igape para solicitar a implantación de servizos avanzados para a mellora da competitividade no marco desta iniciativa que está a impulsar a Consellería de Economía e Industria.

CEAMSA

EXPORTANDO O 85% DA PRODUCCIÓN

A empresa porriñesa Ceamsa, que emprega a máis de 100 persoas en Galicia e conta cun departamento propio de I+D+i, é pioneira no uso das algas para produtos alimenticios, e exporta o 85% da súa produción. Ceamsa, que conta co apoio da Consellería de Economía e Industria a través dos diferentes programas do Igape así como o programa Innoempresa, e tamén das liñas de impulso á internacionalización, é un exemplo de que a innovación é, agora máis que nunca, gran parte do éxito empresarial está na innovación e na internacionalización.

PROYFE E CYE

INNOVACIÓN GALEGA EN BRASIL

As empresas naronesas Proyfe e CYE veñen de implantarse en Brasil e están a medrar e a mellorar a súa competitividade en Galicia contando cos servizos avanzados habilitados pola Consellería de Economía e Industria mediante o plan ReAcciona, así como coas axudas para a internacionalización que o Igape pon a disposición das pemes galegas, con especial intensidade nesta zona ao abeiro do Plan Ferrol, Eume e Ortegal. Este grupo de empresas especializadas en enxeñaría e edificación, control de calidade, xeotecnía, eficiencia enerxética, enerxías renovables e I+D+i, cun cadro de persoal que supera as cen persoas, vén de implantarse en Recife, Brasil, e está traballando nese mercado mediante a redacción de proxectos e direccións de obra, xeotecnía ou control de calidade.